

En Cee 29 Abril 1924

Querido Monchiño:

Ola, meu amor! Que ledicia recibir a túa carta, meu ben. Léoa todas as noites, unha e outra vez, desexando que chegue a seguinte. As nenas, as túas rulas, están ben. Tamén os teus pais. Todo ben por aquí. Por certo, a semana pasada atopeime con Maruxa da Feiranova e preguntoume se viras a Manolo de Edelmira, que parece que vai moito ao Centro Galego de Buenos Aires.

Cando che conte o que soñei... non o vas crer, porque é que... Non sei... É bastante raro. Verás, soñei que no ano 2024 no Fernando Blanco, os nenos e nenas de 3º van participar nun concurso de murais feitos con azulexo organizado por Lar. Sobre un soporte de formigón con forma de rostro feminino de perfil, deben realizar en cada cara un deseño: por unha banda, o tema é as mulleres na emigración e pola outra, os oficios: o traballo nas Conservas.

Ai, Monchiño! Sentín coma se contasen a nosa historia, sentín recoñecemento, sentín moita emoción. Sentín que aí estábamos os dous reflectidos. Sabes que che digo? Vou contarche todo, todo... Con moito detalle porque estou segurísima de que che vai encantar.

O primeiro que tiveron que facer foi documentarse sobre a nosa realidade, sobre a nosa triste e dura vida: onde emigramos, por que o fixemos, que supoñía para unha muller tan nova e con fillos quedar soa, aquí na terraña, en Galicia, mentres o seu marido marchaba. Como de duro é pasar tempo e tempo sen que se saiba nada do emigrado, nin el do que pasa aquí. Isto último custoulles moito entendelo, sabes? Porque en 2024 a xente fala con quen quere e cando quere. Para isto usan uns teléfonos, que lles chaman móbiles, e poden falar por ese móbil desde calquera sitio con calquera persoa. Como son os soños, ehh! E xa che dixen que era un soño moi raro!

Despois desta fase inicial de documentación pasaron a outra de procura de referencias: unhas literarias como Cantares Gallegos de Rosalía de Castro co seu famoso poema "Adiós ríos, adiós fontes, adiós regatos pequenos...". Outras fotográficas, como a desgarradora imaxe de "Pai e fillo" de Manuel Ferrol e outras moitas imaxes de mulleres traballando nas conserveiras onde puideron ver como era a vestimenta, as referencias arquitectónicas das fábricas...




Tamén atoparon referencias cinematográficas coa obra de Arano Piñeiro, *Sempre Xonxa* onde se poden ver as consecuencias emocionais da emigración. E por último, os referentes plásticos, observando diferentes obras de artistas de inicios do s. XX (As vangardas) e por tanto, sendo coñecedores deses novos modos de expresión e entendendo os diferentes niveis de iconicidade e como os poden aproveitar para a creación da imaxe. Especialmente centráronse na obra de Picasso, así como na de Luis Seoane (*As mariscadoras*)





A continuación, fixeron unha tormenta de ideas, para ambas temáticas, asociando a idea que querían transmitir a como ían representar plásticamente iso nos seus bosqueños.

EMIGRACIÓN


O momento de despedida: representándoo con elementos relativos ao marítimo como un porto, o mar, as ondas, un barco ou obxectos ou xestos que nos evocuen o inicio da viaxe como as maletas, unha man levantada facendo o xesto de despedida.



As dúas realidades: por unha banda, o aquí, Galicia e, por outro lado, o alén, Latinoamérica, pensouse en debuxar o contorno das costas de Galicia e/ou Latinoamérica.



Tristeza: por unha banda con bágoas que se derraman pola meixela e, doutra banda, cun corazón, que podía estar roto, con vendas, con suturas, ao que lle falta unha peza dun quebracabezas mesmo con toxos que brotan (idea de dor punzante).



Engadir elementos da fisionomía interna: como a columna vertebral, o cerebro, o corazón ou as arterias.



Dada a forma do soporte barallaron que o ollo podía ser un sol, unha lúa, ou un faro que ilumina.



TRABALLO NAS CONSERVAS


Espazo arquitectónico exterior e interior: (foron citados tanto as fachadas, como as grandes ventás, así como os longos corredores das fábricas). Na maioría das imaxes da época podíase observar, ademais de acumulación de peixe, outros elementos como cestos, mesas, un reloxo circular, maquinaria de enlatado...



Facer coincidir certos elementos da morfoloxía do soporte: (perfil feminino) con partes da nosa composición: o cabelo como un mar, ou cunha rede que atrapa o peixe ou un gorro que o cubre.



Mostrar o traballo: incluír cestos de vimbio, maquinaria de enlatado, procesos de manipulación e distribución do peixe ao longo da fábrica e froito disto tamén se incluíu a idea da espiña.



Finalmente por votación elixiron a que consideraron a mellor proposta por cada un dos temas. Ambas propostas foron elixidas por unha ampla maioría.

Evolución dos bosquexos escollidos:

Bosquexo da emigración:



Evolución do deseño da emigración

Na temática da emigración mostran o interior: o pensamento, o orgánico do propio corpo, así como os sentimentos, mentres que na temática das conservas amósase o público, o visible, o traballo, o exterior.

A temática principal da emigración é a relación entre razón e emoción que están conectadas por arterias que forman un símbolo de infinito. Isto incluírono case ao final do deseño cando observaron que funcionaba mellor se as liñas das arterias estivesen a facer curva. E na representación no azulexo, o ollo aparece pechado.

Podemos entender o deseño como unha sección realizada a un corpo onde na parte correspondente ao cerebro vemos a imaxe dunha posta de sol cunha parella que se abraza. Esta imaxe mental tanto podería ser recordo da vida en común da parella, como un anhelo de reencontro, pasado e futuro á vez.

O corazón tamén se sitúa no lugar que lle correspondería por fisionomía, iso si, lixeiramente nun tamaño maior, en proporción, que o resto da figura. O corazón está roto, partido en dous, pero tamén está suturado, o que se case preténdese arranxar, por tanto hai vontade de superación. Do propio corazón saen ramos de toxo, arbusto típico da paisaxe galega, pero isto non só fai referencia á flora do país, senón tamén á súa forma puntiaguda que volve remarcar a idea de dor aínda que o feito de que lle saian as chorimas, é mostra de esperanza, de vida e continuidade.



A bágoa que esvara pola fazula pasa a acumularse ás moitas outras que xa caeron e encheron o corpo ata o pescozo. Esta idea lembra as ilustracións de Paula Bonet.

O camiño sempre leva a idea de percorrido, ao transcorrer da vida. O camiño é o que nos separa pero é o que nos da a opción de volver unirmos. Na composición persegue crear un efecto de profundidade.

Bosquexo do oficio: o traballo nas conserveiras.



Evolución do deseño da temática do traballo nas conserveiras.



A cabeleira é un mar, onde cada quedella é unha onda realizada cunha espiral. A distribución das espirais con diferentes inclinacións favorece a creación dun gran movemento. Dalgunha maneira pode lembrar ao ceo da obra de Van Gogh. A noite estrelada.

O resto da composición podémola establecer en 3 partes.

.Na parte superior vemos dúas mulleres, na figura da dereita a forma do seu pelo e as súas propias costas debuxan a pálpebra e o pómullo da figura.

Ambas mulleres están coa boca aberta xa que están a cantar, unha alumna sabía que nas conserveiras había costume de facer cantar ás traballadoras para que non puidesen comer.

Na parte central sitúase un gran cesto redondo cunha gran cantidade de peixe disposto radialmente e as mulleres están manipulando ou colocando o produto.



E por último, na parte inferior, outra muller que suxeita coa cabeza e o brazo o cesto. Esta traballadora ten a boca pechada, non canta, pero loita, é forte, a súa posición, aínda que con pequenas diferenzas, está a facer referencia ao cartel We Can Do It! De Howard Miller

do 1943, referente icónico para a loita dos dereitos das mulleres traballadoras. Nos bosquexos iniciais tiñan previsto situar unhas mesas, pero no debuxo definitivo eliminouse. Para a vestimenta das traballadoras inspiráronse en fotos da época.

Materiais empregados

Cemento e azulexos

Proceso de realización

Unha vez que tiñan os deseños era hora de pasar o debuxo ao soporte e para iso fixeron liñas horizontais e verticais polos puntos de referencia (como o nariz, a boca, o pelo...) e seguiron pautas desde escalado para trasladar o bosquejo realizado nun A3 ao perfil de formigón.



Despois de ter xa o debuxo representado no soporte, empregaron acetatos transparentes para calcar o debuxo e así dispoñer dun modelo das formas e realizar o proceso de encaixado das pezas do azulexo



Os primeiros intentos non foron fáciles, porque ou ben se partían as pezas ao recortalas ou rompían en anacos excesivamente pequenos ou non seguían con exactitude as formas do modelo.

A seguinte fase sería situar as pezas no soporte, para iso empregaron cemento. Debían ser moi coidadosos porque no seu deseño había moitas formas curvas e parte do encanto da obra era non perder esa saltura na liña que é sinxela co lapis pero bastante complicada co azulexo.

Aos poucos o traballo ía dando os seus froitos.

Primeiras semanas



Collendo o xeito



As derradeiras pinceladas



E finalmente, xa coa alegría de ver o resultado de tanto esforzo realizáron, esperto do meu soño pensando en ti, pensando en nós. Sinto a ilusión de que o noso esforzo na vida serviu de algo, de que a emigración, aquela que como di a canción "nos roubou a primavera" servise para que a nosa memoria se vexa sempre reflectida nesta obra.

Monchiño, como dixo o poeta Uxío Novoneyra "a forza do noso amor non pode ser inútil".

Aquí te agardo, meu ben.

Puri